

PROGRAMACIÓN DE AUDICIÓN E LINGUAXE CURSO 2019-2020 (3º TRIMESTRE)

Partindo da programación de referencia, os principais puntos a adaptar para este 3º trimestre, quedarían establecidos do seguinte xeito:

OBXECTIVOS XERAIS

- Participar nas reflexións sobre os aspectos lingüísticos do currículo escolar e no desenvolvemento de programas relacionados coa comunicación e a linguaxe.
- Concienciar ao alumnado da importancia de facer un uso funcional da linguaxe oral e escrita, para poder relacionarse cos demais e poder acceder ao mundo da información.
- Facilitar respostas ás necesidades específicas de apoio educativo dos alumnos/as, na fala, linguaxe, voz e comunicación.
- Estimular o desenvolvemento lingüístico do alumnado.
- Incrementar a motivación de logro dos alumnos/as, para afrontar as dificultades a partir das súas capacidades.
- Potenciar o hábito da lectura, como recurso para acceder ás áreas de coñecemento.
- Valorar as necesidades educativas especiais dos alumnos relacionadas coa comunicación e linguaxe.

CONTIDOS

▪ **ASPECTOS PREVIOS Á LINGUAXE**

Atención, memoria, imitación, seguimento de instrucións, percepción visual, percepción auditiva, ritmo e emisión de voz.

▪ **ASPECTOS ANATÓMICO-FUNCIONAIS**

Mobilidade dos órganos bucofonatorios: beizos, lingua, velo do padal, mandíbula...

Respiración, capacidade respiratoria, sopro e relaxación, principalmente segmentaria.

- **ASPECTO FONÉTICO-FONOLÓXICO**

Discriminación e capacidade articulatória, emisión oral (voz), intensidade, ton, ritmo, pausas e asociación auditiva.

- **ASPECTO MORFOSINTÁCTICO**

Estrutura de frases, concordancia entre as partes da oración, composición de palabras e conectores, organización sintagmática, lonxitude media do enunciado, conciencia sintáctica e segmentación de enunciados.

- **ASPECTO LÉXICO-SEMÁNTICO**

Vocabulario básico, designación, denominación, linguaxe repetida, linguaxe dirixida, comprensión de ordes sinxelas e complexas, sistemas de evocación, definición de palabras, significado da frase e comprensión de historias escoitadas e lidas.

- **ASPECTO PRÁGMÁTICO**

Prosodia, funcións e uso da linguaxe, intención comunicativa e contextualización de enunciados.

ACTIVIDADES

Para a elaboración das actividades, programaranse en función dos obxectivos propostos, para reforzar os aspectos xa traballados nos anteriores trimestres. A colaboración e implicación familiar é un punto importante a ter en conta como guía e axuda neste proceso.

METODOLOXÍA

Tentarase buscar estratexias metodolóxicas que permitan levar a cabo o traballo de maneira activa, lúdica, participativa e motivadora. Tendo sempre presente o centro de interese de cada grupo e necesidades educativas especiais.

En canto á dinámica das sesións, establecidas semanalmente, trátase de buscar o equilibrio entre o tipo de actividades propostas e de garantir a motivación e interese do alumno/a, e por outro, de manter a atención e concentración.

Seguirase unha orde crecente de dificultade (sen avanzar novos aspectos, soamente repasalos e reforzalos, xa que foron traballados durante os dous anteriores trimestres). O traballo a realizar estará colgado semanalmente na páxina web do colexio, solventando as posibles dúbidas, mediante o correo electrónico facilitado ás familias correspondentes.

En E.I, as actividades relacionadas coa linguaxe serán de carácter manipulativo e audiovisual, buscando a progresión dun maior a un menor nivel de concreción.

AVALIACIÓN

A finalidade principal da avaliación, será a de obter información que nos permita coñecer os obxectivos a traballar para programar a intervención e revisala periodicamente co obxectivo de adecuar o proceso de ensino-aprendizaxe ao progreso real da aprendizaxe dos alumnos.

Este proceso de análise e reflexión, será necesario para levar a cabo as adaptacións, cambios ou modificacións pertinentes no programa de intervención, e poder así, optimizar os recursos humanos, organizativos e materiais que posibiliten o desenvolvemento do alumno/a.

Os *criterios de avaliación* establecidos no programa de intervención de cada alumna ou alumno terán en conta o proceso levado ao longo dos dous primeiros trimestres e, valorar deste xeito, a posibilidade de continuar cos apoios establecidos de cara ao vindeiro curso.

A mestra de Audición e Linguaxe
M^a Jesús González Alonso